

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretaria:

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 7 de novembro de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 25 de outubro de 2017, ten lugar a XVI sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 5 de outubro de 2017

A secretaria procede á lectura da acta da sesión XV. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por

asentimento.

3º.- Seguimento dos expedientes administrativos en tramitación.

A secretaria informa á Comisión que a 7 de novembro o número de expedientes iniciados son 103. Informa que están resoltos ata o número 48, con excepción dos números RSCTG39/2017, RSCTG44/2017, RSCTG 47/2017 e RSCTG 48/2017, nos que os prazos para xestionar o trámite de audiencia non se cumprira o día 25 de outubro de 2017, que era a data límite para establecer a orde do día. Seguidamente informase da situación actual dos devanditos trámites. Igualmente informa dos expedientes que deron lugar, desde a última sesión, a unha resolución de inadmisión por petición extemporánea.

O informe da secretaría recolle a problemática que supón para a tramitación a ausencia do expediente e o informe da administración ou persoa xurídica ante a que se exercita pola cidadanía o dereito de acceso á información. Nesta ocasión, son trece os expedientes nos que

Milagros Otero Parga

non existe informe ou expediente administrativo. Tras a clasificación dos expedientes por tipoloxía e administración a presidenta explica as xestións levadas a cabo para eliminar este atranco, solicitando a colaboración a todos os membros e especialmente aqueles que representan á FEGAMP e á Xunta de Galicia na comisión.

A exposición remata co seguimento feito ás resolucións da Comisión parándose especialmente naquelas que están a detectarse retrasos ou xestión incompleta.

4º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0049/2017	Estimatoria
RSCTG 0050/2017	Desestimatoria
RSCTG 0051/2017	Estimatoria
RSCTG 0052/2017	Estimatoria parcial
RSCTG 053/2017	Estimatoria
RSCTG 054/2017	Estimatoria
RSCTG 055/2017	Estimatoria
RSCTG 056/2017	Inadmisión
RSCTG 058/2017	Estimatoria
RSCTG 059/2017	Estimatoria
RSCTG 060/2017	Estimatoria
RSCTG 061/2017	Estimatoria

my
Filipe Otero

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 062/2017	Estimatoria
RSCTG 063/2017	Inadmisión por extemporánea
RSCTG 065/2017	Estimatoria
RSCTG 066/2017	Aceptación de desistimento
RSCTG 067/2017	Estimatoria
RSCTG 068/2017	Estimatoria
RSCTG 069/2017	Estimatoria
RSCTG 070/2017	Estimatoria

4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 12 de decembro ás 12.00.

5º.- Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 14:25 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta



Milagros Otero Parga

A secretaria



María Puy Fraga

